Galardón

# Marilar Aleixandre, 'escritora na súa terra'

Por decisión unánime da asemblea de socios da AELG a homenaxe *A Escritora na súa Terra* será para a autora. Os actos, este sábado en Compostela.

Redacción - 09:30 05/06/2010

A homenaxe *A Escritora na súa Terra*, impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, chega este ano a súa XVI edición. Por decisión unánime da súa asemblea de socios e socias, recaeu na figura de Marilar Aleixandre, que será homenaxeada este sábado en Compostela.

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da AELG. A terra de orixe do homenaxeado cobra un protagonismo fundamental nesta cita cultural, cunha celebración múltiple e popular onde se recoñece a entidade literaria de insignes figuras das nosas letras

Durante o día organízanse diversos actos simbólicos: a entrega do galardón Letra E de escritor (unha peza escultórica asinada por un recoñecido artista galego), a plantación dunha árbore simbólica (elixida polo propio autor, e que neste caso é un abruñeiro), a colocación dun monolito conmemorativo ou a inauguración dun espazo público co nome do homenaxeado ou cun nome elixido polo homenaxeado.

Programa de actos

Sábado, 5 de xuño de 2010
11.45 horas
Parque Avda. de Barcelona
Santiago de Compostela
Plantación dun abruñeiro (árbore simbólica da escritora) e descubrimento do Monólito conmemorativo.
Descubrimento da placa que atribúe o nome da homenaxeada ao parque.
Interveñen:
Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG
Mercedes Queixas, secretaria xeral da AELG
Xosé Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago de Compostela
Marilar Aleixandre

13.00 horas
Salón Nobre do Pazo de Raxoi
Santiago de Compostela
Acto de entrega da “Letra E”
Interveñen:
Mercedes Queixas, secretaria xeral da AELG
Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG
Ana Romaní: Laudatio
Entrega da peza escultórica do artista Silverio Rivas
Intervención da homenaxeada: Marilar Aleixandre

14.30 horas
Hotel-Restaurante “Palacio del Carmen”
Rúa das Oblatas s/n, Santiago de Compostela
Xantar de confraternidade aberto aos/ás socios/as da AELG, á veciñanza de Santiago de Compostela e demais persoas interesadas.

Anteriores galardoados

I Edición . 1995 . Boa, Taramancos
**Antón Avilés de Taramancos**
II Edición . 1996 . Cangas do Morrazo
**Benardino Graña**
III Edición . 1997 . Outeiro de Rei
**Manuel María**
IV Edición . 1998 . Vigo
**María Xosé Queizán**
V Edición . 1999 . Gres, Vila de Cruces
**Xosé Neira Vilas**
VI Edición . 2000 . Parada do Courel
**Uxío Novoneyra (póstumo)**
VII Edición . 2001 . Ribadeo
**Luz Pozo Garza**
VIII Edición . 2002 . Vilalba
**Xosé Chao Rego**
IX Edición . 2003 . Nogueira de Ramuín
**Xosé Fernández Ferreiro**
X Edición . 2004 . Teis, Vigo
**Salvador García-Bodaño**
XI Edición . 2005 . Ourense
**Pura e Dora Vázquez**
XII Edición . 2006 . Vigo
**María do Carme Kruckenberg**
XIII Edición . 2007 . O Valadouro
**Manuel Lourenzo**
XIV Edición. 2008 . Melide
**Xosé Vázquez Pintor**
XV Edición. 2009 . Vilalba

**Agustín Fernández Paz**